


INFORME SOBRE A ENQUISA TRIMESTRAL DE CUSTO LABORAL

Cuarto trimestre de 2017

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2018

Enquisa trimestral de custo laboral (ETCL). Cuarto trimestre de 2017

- O custo laboral das empresas aumentou en Galicia un 3,6% no cuarto trimestre de 2017 con respecto ao mesmo período do ano anterior, case tres puntos máis que no conxunto de España (0,7%). O custo laboral total en Galicia é de 2.427,60 euros, 241,24 euros inferior á media nacional (2.668,84 euros).
- O custo salarial creceu en Galicia un 3,8% no cuarto trimestre de 2017 con respecto ao mesmo período do ano anterior mentres que en España o incremento é dun 0,5%. O custo salarial en Galicia sitúase nos 1.825,46 euros mentres que a media do conxunto de España é de 2.020,14 euros.
- O custo laboral por hora efectiva no cuarto trimestre do ano aumenta en Galicia o 3,8% mentres que en España crece o 1,2%.
- Por comunidades autónomas, os maiores incrementos do custo laboral rexístranse en Navarra e Galicia, mentres que en catro comunidades diminúe.
- A xornada semanal media pactada é de 34,7 horas semanais en Galicia e de 34,3 horas en España.


Custo laboral. Cuarto trimestre de 2017			
Taxa de variación anual do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
	Custo total	2.427,60	3,6
	Custo salarial total	1.825,46	3,8
	Outros custos	602,14	3,0
	Cotizacións obrigatorias	561,64	3,7
	Percepcións non salariais	56,47	-4,7
	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	15,97	-0,9

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

1. Custo laboral segundo os seus compoñentes

O custo laboral por traballador e mes acada os 2.427,60 euros no cuarto trimestre de 2017, co que aumenta un 3,6% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior. En España o custo laboral aumenta un 0,7% e supera en 241,24 euros o custo laboral en Galicia.

O seguinte gráfico amosa a evolución do custo laboral por traballador e mes.




O custo laboral pode desagregarse en dous grupos: custo salarial e outros custos.

- O **Custo salarial**, que comprende salario base, complementos salariais, pagos por horas extraordinarias, pagos extraordinarios e pagos atrasados, medidos en termos brutos, acada os 1.825,46 euros por traballador e mes en Galicia, o que supón un incremento do 3,8%. En España, o custo salarial aumenta un 0,5%.
- Se se exclúe o factor variable dos salarios (pagos extraordinarios e atrasados), obtense o custo salarial ordinario, que aumenta o 2,8% en Galicia, acadando os 1.479,02 euros. En España, o custo salarial ordinario é de 1.641,91 euros, cun incremento do 0,3% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.
- Os **Outros custos**, que comprenden principalmente as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e as percepcións non salariais (indemnizacións, prestacións sociais,...) sitúanse en 602,14 euros en Galicia, co que se incrementan un 3,0%, mentres que en España aumentan un 1,5%, ata os 648,70 euros. O incremento dos Outros custos en Galicia débese principalmente ao aumento do 3,7% nas cotizacións obrigatorias á Seguridade Social. En España o incremento é menor (1,2%). As percepcións non salariais diminúen un 4,7% en Galicia fronte ao incremento do 1,2% en España.

2. Custo laboral segundo actividade económica


Desagregando segundo sectores de actividade económica, o custo laboral total aumenta nos tres grandes sectores.

Na **Industria** o Custo total aumenta un 2,0% debido ao incremento do 1,6% do Custo salarial total. Os Outros custos aumentan un 3,2%, con incrementos das cotizacións obrigatorias (2,3%) e das percepcións non salariais (7,0%).

INDUSTRIA. Cuarto trimestre de 2017			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
	Custo total	3.057,2	2,0
	Custo salarial total	2.327,3	1,6
	Outros custos	729,9	3,2
	Cotizacións obrigatorias	676,3	2,3
	Percepcións non salariais	71,2	7,0
	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	17,6	-12,3


⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

O incremento do 3,7% do Custo total na **Construción** ven motivado polo incremento do Custo salarial total (3,4%) e dos Outros custos (4,3%).

CONSTRUCCIÓN. Cuarto trimestre de 2017			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
	Custo total	2.567,4	3,7
	Custo salarial total	1.801,5	3,4
	Outros custos	765,9	4,3
	Cotizacións obrigatorias	645,4	2,9
	Percepcións non salariais	139,3	9,6
	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	18,8	-7,4

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

Nos **Servizos** o Custo total aumenta un 4,1%. O Custo salarial crece o 4,6% e os Outros custos o 2,6%. As cotizacións obrigatorias á Seguridade Social aumentan o 4,2% mentres que as percepcións non salariais diminúen o 12,4%.

SERVIZOS. Cuarto trimestre de 2017			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
	Custo total	2.261,9	4,1
	Custo salarial total	1.706,2	4,6
	Outros custos	555,7	2,6
	Cotizacións obrigatorias	525,9	4,2
	Percepcións non salariais	45,1	-12,4
	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	15,3	3,4

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

O custo laboral nos Servizos en Galicia é inferior en 296,02 euros á media nacional, mentres que na Construción a diferenza é de 178,28 euros.

3. Tempo de traballo

No cuarto trimestre de 2017, a xornada semanal media pactada en Galicia é de 34,7 horas semanais, e destas, pérdense 5,5 horas semanais. En España, a xornada semanal pactada é de 34,3 horas, das que se perden 5,3 horas semanais.

Se se engaden horas extras e se restan as horas perdidas, a xornada efectiva é de 29,3 horas semanais en Galicia e de 29,2 horas no conxunto do Estado.

O custo laboral total por hora efectiva aumenta en Galicia o 3,8%, 2,6 puntos máis que en España (1,2%).


**Custo laboral por hora efectiva.
Cuarto trimestre de 2017**

	Euros	Taxa interanual
Galicia		
Custo laboral total	19,0	3,8
Custo salarial total	14,3	4,0
Outros custos	4,7	3,3
España		
Custo laboral total	21,0	1,2
Custo salarial total	15,9	1,0
Outros custos	5,1	2,0

Fonte: INE

4. Custo laboral corrixido de estacionalidade e calendario

Se eliminamos os efectos estacionais e de calendario, o custo laboral por traballador rexistra un incremento do 3,1% respecto ao mesmo trimestre de ano anterior.




5. Custo laboral por comunidades autónomas

Por comunidades autónomas, o custo laboral máis elevado corresponde a País Vasco e Madrid, que superan en máis de 400 euros a media nacional, mentres que en Extremadura e Canarias o custo laboral é inferior á media nacional na mesma cantidade.

As comunidades nas que máis creceu o custo laboral foron: Navarra e Galicia (ambas as dúas 3,6%) e Comunitat Valenciana (2,9%). En catro comunidades diminúe o custo laboral: Murcia, Asturias, Canarias e Andalucía.

Custo laboral total. 4º trimestre de 2017

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

A Enquisa trimestral de custo laboral ten por obxectivo coñecer a evolución do custo laboral medio por traballador e por hora efectiva de traballo.

Investíganse os traballadores asalariados por conta allea asociados as Contas de Cotización á Seguridade Social incluídas no Réxime Xeral e cuxa actividade económica estea encadrada nas seccións B a S da CNAE-09 e no Réxime Especial de traballadores do mar e cuxa actividade económica é o transporte marítimo.

Custo laboral: custo no que incorre o empregador pola utilización de factor traballo. Comprende un amplo grupo de partidas que a enquisa recolle en dous bloques principais: custos salariais e outros custos.

Custo salarial: comprende todas as percepcións económicas realizadas aos traballadores, en efectivo ou en especie, pola prestación profesional dos servizos laborais por conta allea, xa retribúan o traballo efectivo, calquera que sexa a forma de remuneración, ou os períodos de descanso computables como de traballo.

Outros custos: inclúen as percepcións non salariais e as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social.

Hora efectiva: son as horas realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo como en xornada extraordinaria, incluíndo as horas perdidas no lugar de traballo, que teñen a consideración de tempo efectivo en virtude da normativa vixente.

Custo laboral por traballador e mes: mide o custo que supón para o empresario empregar a un traballador durante un mes.

Custo laboral por hora efectiva de traballo: mide o custo que supón para o empresario unha hora efectiva de traballo.

O custo debe ser medido en termos netos para o empregador, é dicir, deducindo as diversas subvencións recibidas.

Anexo cadros

Cadro 1.- Custo laboral por sectores económicos segundo os seus compoñentes. Cuarto trimestre de 2017

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
Galicia								
Custo laboral total	2.427,60	3,6	3.057,16	2,0	2.567,38	3,7	2.261,87	4,1
Custo salarial total	1.825,46	3,8	2.327,31	1,6	1.801,53	3,4	1.706,19	4,6
Custo salarial ordinario	1.479,02	2,8	1.700,40	2,8	1.453,88	1,7	1.427,80	2,9
Outros custos	602,14	3,0	729,85	3,2	765,85	4,3	555,68	2,6
Cotizacións obrigatorias	561,64	3,7	676,29	2,3	645,37	2,9	525,93	4,2
Percepcións non salariais	56,47	-4,7	71,17	7,0	139,27	9,6	45,06	-12,4
Subvencións e bonificacións	15,97	-0,9	17,60	-12,3	18,79	-7,4	15,30	3,4
España								
Custo laboral total	2.668,84	0,7	3.243,97	1,1	2.745,66	-0,2	2.557,89	0,7
Custo salarial total	2.020,14	0,5	2.453,26	1,0	1.982,08	-0,3	1.943,34	0,4
Custo salarial ordinario	1.641,91	0,3	1.919,86	1,1	1.607,01	0,5	1.593,36	0,2
Outros custos	648,70	1,5	790,71	1,1	763,58	-0,1	614,55	1,7
Cotizacións obrigatorias	596,04	1,2	732,09	1,8	676,65	1,0	565,40	1,2
Percepcións non salariais	70,08	1,2	77,66	-7,4	101,52	-9,3	66,48	4,5
Subvencións e bonificacións	17,42	-6,9	19,04	-9,1	14,59	-17,9	17,32	-5,6

Fonte: INE

Cadro 2.- Custo laboral por hora efectiva. Cuarto trimestre de 2017

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
Galicia								
Custo laboral total	19,0	3,8	22,2	0,5	18,4	5,6	18,2	4,7
Custo salarial total	14,3	4,0	16,9	0,1	12,9	5,2	13,8	5,2
Custo salarial ordinario	11,6	3,0	12,4	1,2	10,4	3,6	11,5	3,5
Outros custos	4,7	3,3	5,3	1,7	5,5	6,4	4,5	3,2
España								
Custo laboral total	21,0	1,2	23,6	1,5	19,3	-0,7	20,7	1,3
Custo salarial total	15,9	1,0	17,8	1,4	14,0	-0,7	15,7	1,0
Custo salarial ordinario	13,0	0,9	14,0	1,5	11,3	0,1	12,9	0,8
Outros custos	5,1	2,0	5,8	1,6	5,4	-0,6	5,0	2,3

Fonte: INE

Cadro 3.- Horas semanais por traballador e mes¹. Cuarto trimestre de 2017

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas
Galicia								
Ambas xornadas	29,3	5,5	31,6	6,5	32,2	6,2	28,5	5,2
Tempo completo	32,8	6,3	31,6	6,9	33,1	6,4	32,6	6,1
Tempo parcial	16,8	2,6	20,5	3,4	13,1	2,5	16,5	2,5
España								
Ambas xornadas	29,2	5,3	31,6	6,2	32,6	5,2	28,5	5,1
Tempo completo	32,9	6,1	32,9	6,6	33,9	5,5	32,8	6,0
Tempo parcial	17,3	2,8	18,3	2,8	17,7	2,0	17,2	2,8

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos difundidos polo INE

¹ A efectos de cálculo, considéranse 4,35 semanas ao mes

Cadro 4.- Custo laboral total. Cuarto trimestre de 2017

	Custo laboral por traballador e mes			Custo laboral por hora efectiva		
	Euros	Índice 2012=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2012=100	Taxa interanual
España	2.668,8	105,1	0,7	21,0	107,6	1,2
Andalucía	2.362,0	102,3	-0,6	18,8	104,0	-1,3
Aragón	2.574,6	106,3	2,1	21,0	110,7	2,9
Asturias	2.744,7	110,3	-1,0	22,2	114,6	-1,5
Balears, Illes	2.656,6	112,3	2,4	20,5	117,2	1,7
Canarias	2.250,8	106,8	-0,8	17,1	108,0	-1,7
Cantabria	2.559,7	111,4	0,0	20,1	112,4	0,9
Castilla y León	2.420,1	103,2	0,4	19,4	105,2	-0,1
Castilla-La Mancha	2.419,1	103,8	2,2	19,3	109,0	2,6
Cataluña	2.828,4	103,8	0,3	22,4	106,2	1,8
Comunitat Valenciana	2.409,2	104,6	2,9	19,4	108,8	4,7
Extremadura	2.192,7	102,2	0,3	17,7	106,8	-0,3
Galicia	2.427,6	110,0	3,6	19,0	113,6	3,8
Madrid	3.105,9	105,2	0,3	23,8	108,4	1,4
Murcia	2.408,7	104,6	-1,3	18,8	104,1	-0,8
Navarra	2.937,1	111,0	3,6	23,7	111,6	2,9
País Vasco	3.114,6	104,8	1,2	25,2	104,5	0,7
Rioja, La	2.507,3	106,5	0,4	19,9	106,1	0,4

Fonte: INE

Cadro 5.- Custo salarial. Cuarto trimestre de 2017

	Custo salarial por traballador e mes			Custo salarial por hora efectiva		
	Euros	Índice 2012=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2012=100	Taxa interanual
España	2.020,1	107,3	0,5	15,9	109,9	1,0
Andalucía	1.768,8	104,1	-0,9	14,0	105,8	-1,6
Aragón	1.939,7	108,6	1,5	15,8	113,2	2,3
Asturias	2.098,2	114,4	-1,2	16,9	118,9	-1,6
Balears, Illes	2.002,1	114,8	2,5	15,5	119,8	1,8
Canarias	1.674,7	107,8	-1,0	12,8	109,1	-1,9
Cantabria	1.931,9	114,4	0,0	15,1	115,3	0,9
Castilla y León	1.817,2	106,4	-0,3	14,6	108,5	-0,8
Castilla-La Mancha	1.820,2	106,8	2,4	14,5	112,1	2,8
Cataluña	2.146,5	105,5	0,1	17,0	108,0	1,6
Comunitat Valenciana	1.811,3	106,8	2,8	14,6	111,1	4,6
Extremadura	1.637,4	103,0	-0,6	13,2	107,8	-1,2
Galicia	1.825,5	112,8	3,8	14,3	116,4	4,0
Madrid	2.384,6	107,7	0,0	18,3	111,0	1,0
Murcia	1.814,1	107,2	-1,5	14,2	106,7	-1,0
Navarra	2.225,4	114,3	4,0	17,9	115,0	3,2
País Vasco	2.363,2	106,3	0,8	19,2	105,9	0,3
Rioja, La	1.899,1	109,3	-0,2	15,1	108,7	-0,3

Fonte: INE

Cadro 6.- Outros custos. Cuarto trimestre de 2017

	Outros custos por traballador e mes			Outros custos por hora efectiva		
	Euros	Índice 2012=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2012=100	Taxa interanual
España	648,7	98,8	1,5	5,1	101,0	2,0
Andalucía	593,3	97,3	0,3	4,7	98,9	-0,2
Aragón	634,9	99,8	3,9	5,2	103,8	4,6
Asturias	646,5	98,8	-0,4	5,2	102,8	-0,9
Balears, Illes	654,6	105,2	2,2	5,1	110,0	1,4
Canarias	576,1	104,0	0,1	4,4	105,0	-0,9
Cantabria	627,8	103,1	-0,1	4,9	104,2	0,8
Castilla y León	602,9	94,5	2,4	4,8	96,4	2,1
Castilla-La Mancha	598,9	95,7	1,6	4,8	100,6	1,9
Cataluña	681,9	98,8	0,8	5,4	101,1	2,3
Comunitat Valenciana	597,9	98,5	3,1	4,8	102,3	5,0
Extremadura	555,3	100,0	3,4	4,5	104,2	2,5
Galicia	602,1	102,4	3,0	4,7	105,8	3,3
Madrid	721,2	97,7	1,5	5,5	100,7	2,8
Murcia	594,7	97,3	-0,7	4,6	96,9	-0,2
Navarra	711,7	101,7	2,6	5,7	102,3	2,0
País Vasco	751,4	100,6	2,4	6,1	100,3	2,0
Rioja, La	608,2	98,7	2,3	4,8	98,6	2,5

Fonte: INE